

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Cidrás Piqué, José
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Pozo Triviño, María Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Sánchez Moreiras, Adela María
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Bajo Palacio, Ignacio
Currás Valle, Consuelo
Fariña Rodríguez, José
Formella, Arno
Lorenzo González, María de las Nieves
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Río Otero, Coral del
Rodríguez Domínguez M^a del Mar
Soto González, María Mercedes
Torres Romay, Emma

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Durán Barbosa, Rafael
López Mira, Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Pérez Vázquez, María Consuelo
Porteiro Fresco, Jacobo
Romo Pérez, Vicente
Rúas Araújo, José
Ruiz Hidalgo, María del Carmen
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga

ESTUDANTES

González González, Jaime
Meis Solía, Iago
Rodríguez Pousa, Estela
Santos Grandal, Juan

PAS

González Penín, Ana Isabel

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
Pazos Currás, Marta María
Ríos Santomé, María José

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Díaz Redondo, Rebeca P.

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 20 de decembro de 2024, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 20 de decembro de 2024 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 2 de decembro de 2024.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2025.
4. Aprobación, se procede, do proxecto de Orzamentos da Universidade de Vigo para 2025.
5. Aprobación, se procede, da Oferta emprego público 2024.
6. Aprobación, se procede, da modificación do calendario académico para o curso 2024/2025.
7. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de grao curso 2023-24.
8. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo no capital social da empresa SpinOff "SERENIA".
9. Aprobación, se procede, do "Procedemento e Criterios de Prelación para a Selección de Áreas para a Saída a Concurso de Prazas de Profesorado Permanente Laboral a Tempo Completo na Universidade De Vigo".
10. Aprobación, se procede, das modificacións na "Normativa de Dedicación e Recoñecementos Docentes".
11. Aprobación, se procede, da "Normativa Reguladora dos Concursos de Acceso aos Corpos Docentes Universitarios e ás Categorias de Profesorado Permanente Laboral e Profesorado Axudante Doutor na Universidade de Vigo".
12. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Catedrático/a de Universidade, Titular de Universidade e Profesorado Permanente Laboral, e da creación de prazas correspondentes.

13. Aprobación, se procede, da tramitación das modificacións non substanciais das titulacións de grao e máster para a súa adaptación ao RD 822/2021.
14. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de grao para o curso 2025/26.
15. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de máster para o curso 2025/26.
16. Aprobación, se procede, do límite de prazas de titulacións de grao para o curso 2025/26.
17. Aprobación, se procede, do límite de prazas de titulacións de máster para o curso 2025/26.
18. Aprobación, se procede, da prórroga do III Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo (2020-2024).
19. Aprobación, se procede, do Regulamento polo que se establece e regula a canle interna de información da Universidade de Vigo.
20. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Educación e Traballo Social.
21. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Fisioterapia.
22. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento dun membro da Comisión de Relacións Internacionais, sector estudantes.
23. Elección dun representante, polo sector estudantes, na comisión de Extensión Universitaria e Estudantes delegada do Consello de Goberno.
24. Quenda de intervencións.

Antes de comezar cos puntos da orde do día, o reitor da a benvida aos tres novos membros do Consello de Goberno.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 2 de decembro de 2024.

O reitor pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Tema María Cruz Barreiro Carril: solicitou unha medida cautelarísima ante o xulgado, dando o xuíz 10 días naturais para poñer en marcha o procedemento de excedencia solicitado, e procedeuse legalmente á solicitude para cumprir co ditado polo xuíz. Tanto a nivel persoal e despois de falalo cos servizos xurídicos, temos a obriga moral de recorrer a idea de que os departamentos non teñen nada que dicir cando alguén pide unha excedencia, porque a nosa lectura da lei da ciencia, aínda que non cite expresamente ós departamentos xa que fala dos servizos, na Universidade de Vigo o servizo xurídico interpretou habitualmente que se refire aos departamentos. Así, quedará clarexada para o futuro, non para este caso, que xa está concedida a excedencia solicitada por María Cruz Barreiro Carril.

Remata o informe ás 10.10.

3. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2025.

O reitor cede a palabra á xerente, quen presenta o teito de gasto:

Límite do gasto non financeiro

SENDA DA REGRA DE GASTO			
TAXA DE REFERENCIA	2025	2026	2027
	3,20%	3,30%	3,40%

Orzamento de ingresos 2025 (por capítulos)

RESUMO DOS INGRESOS DO ORZAMENTO 2025 POR CAPÍTULOS				
Capítulo	Nome	Afectado	Non afectado	Total
III	Taxas e prezos públicos	0,00 €	15.370.000,00 €	15.370.000,00 €
IV	Transferencias correntes	13.270.473,00 €	143.129.531,00 €	156.400.004,00 €
V	Ingresos patrimoniais	0,00 €	1.145.000,00 €	1.145.000,00 €
VII	Transferencias de capital	34.015.728,00 €	10.990.000,00 €	45.005.728,00 €
VIII	Variación de activos financeiros	29.216.325,00 €	35.000,00 €	29.251.325,00 €
IX	Variación de pasivos financeiros	1.190.023,00 €	0,00 €	1.190.023,00 €
		77.692.549,00 €	170.669.531,00 €	248.362.080,00 €


Orzamento de gastos 2025 (por capítulos)

Resumo por capítulos de gasto do orzamento 2025				
Capítulo	Nome	Non afectado	Afectado	Importe
I	Gastos de persoal	131.734.909,00 €	13.947.634,00 €	145.682.543,00 €
II	Gastos correntes en bens e servizos	28.573.270,00 €	6.444.542,00 €	35.017.812,00 €
III	Gastos financeiros	390.000,00 €	0,00 €	390.000,00 €
IV	Transferencias correntes	3.003.056,00 €	5.307.706,00 €	8.310.762,00 €
V	Fondo de continxencia	1.000.000,00 €	0,00 €	1.000.000,00 €
VI	Investimentos reais	5.159.096,00 €	51.992.667,00 €	57.151.763,00 €
VIII	Activos financeiros	70.000,00 €	0,00 €	70.000,00 €
IX	Pasivos financeiros	739.200,00 €	0,00 €	739.200,00 €
		170.669.531,00 €	77.692.549,00 €	248.362.080,00 €

Teito de gasto para 2025

CÁLCULO DO LÍMITE DE GASTO PARA 2025		
	2024	2025
TOTAL GASTO	248.822.967,00 €	248.362.080,00 €
TOTAL AFECTADO	-75.973.695,00 €	-77.692.549,00 €
TOTAL CAPÍTULOS VIII E IX	-670.000,00 €	-809.200,00 €
TOTAL NON AFECTADO NON FINANCEIRO	172.179.272,00 €	169.860.331,00 €
MARXE AUTORIZADA SOBRE EXERCICIO ANTERIOR	5,00 %	3,00 %
INCREMENTO AUTORIZADO	8.608.963,60 €	5.165.378,16 €
TOTAL TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO	180.788.235,60 €	175.025.709,16 €

Ingresos/gastos non financeiros 2025



Conclusión

- O teito de gasto resulta axustado á regra de gasto.
- Garante o reforzo da prestación do servizo público pola Universidade de Vigo.

Coral del Río declara, como Nós Universidade, que despois do falado no día anterior no Claustro, non vai dar a súa aprobación. Non pode votar a favor deste teito de gasto porque estiman que non se está calculando da forma axeitada, como explicou no Claustro o profesor Juan Surís. E como non ten sentido realizalo así, votarán non.

Resultado da votación:

29 votos a favor

5 abstencións

3 votos en contra

Apróbase por maioría.

O reitor fai unha mención con respecto ás prazas do 15%, que xurdiron como tema no Claustro, sinalando que a UVIGO está comprometida co cumprimento do establecido nos Presupostos Xerais do Estado, que marcan que o 15% de prazas dunha OPE está reservado a investigadores que cumpran determinados requisitos. A estes efectos, asegúrase a prioridade do programa RyC pero, de non haber candidatos dabondo, poderán competir por estas prazas candidatos dos programas competitivos que se acorden, sempre cumprindo os requisitos I3/R3 e tendo obtido acreditación.

A continuación, diríxese a Jacobo Porteiro para saber se lle parece mellor esta redacción. Intervén Jacobo Porteiro para dicir que é unha redacción moito máis clara, pero o que non sabe é que na lei estatal di que o 15% da taxa de reposición, polo que pregunta case por descoñecemento se a OPE é o mesmo que dicir a taxa de reposición. O reitor responde que si, que no caso da UVigo as OPEs cumpren completamente coa taxa de reposición. Jacobo Porteiro indica que nese 15% nunca se inclúen as prazas que son de promoción. O reitor responde que poderíamos incluír da OPE referida as novas prazas, pero ao final do debate queda que cambiarase OPE por taxa de reposición.

4. Aprobación, se procede, do proxecto de Orzamentos da Universidade de Vigo para 2025.

O reitor cede a palabra á xerente, quen informa dos Orzamentos coa seguinte presentación:



Orzamentos da Universidade de Vigo
Liñas xerais

Orzamentos 2025

1. Liñas básicas de actuación orzamentaria 2025

1.1. Escenario orzamentario


Condicionantes económicos e legais

- Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 aprobado polo Consello Galego de Universidades o 7 de decembro de 2022.
- Lexislación de carácter xenérico para o sector público autonómico e estatal ou para o ámbito universitario:
 - Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario.
 - Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia.
 - Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
 - Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
 - Estatutos da Universidade de Vigo.
 - Proxecto de Lei de orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2025.

Orzamentos 2025

1. Liñas básicas de actuación orzamentaria 2025
- 1.2. Evolución económico- financeira da Universidade de Vigo

Achegas do plan de financiamento non condicionado e de investigación 2016-2024



Orzamentos 2025

2. Orzamento 2025

Universidade de Vigo



Evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo 2015-



Universidade de Vigo



Orzamentos 2025

2.1. Ingresos

Universidade de Vigo



RESUMO DOS INGRESOS DO ORZAMENTO 2025 POR CAPÍTULO

Capítulo	Nome	Afectado	Non afectado	Total
III	Taxas e prezos públicos	0,00 €	15.370.000,00 €	15.370.000,00 €
IV	Transferencias correntes	13.270.473,00 €	143.129.531,00 €	156.400.004,00 €
V	Ingresos patrimoniais	0,00 €	1.145.000,00 €	1.145.000,00 €
VII	Transferencias de capital	34.015.728,00 €	10.990.000,00 €	45.005.728,00 €
VIII	Variación de activos financeiros	29.216.325,00 €	35.000,00 €	29.251.325,00 €
IX	Variación de pasivos financeiros	1.190.023,00 €	0,00 €	1.190.023,00 €
		77.692.549,00 €	170.669.531,00 €	248.362.080,00 €

Universidade de Vigo






EVOLUCIÓN DE INGRESOS POR CAPÍTULO			
		2024	2025
III	Taxas e prezos públicos	14.381.222,00 €	15.370.000,00 €
IV	Transferencias correntes	147.085.022,00 €	156.400.004,00 €
V	Ingresos patrimoniais	605.000,00 €	1.145.000,00 €
	Ingresos correntes	162.071.244,00 €	172.915.004,00 €
VII	Transferencias de capital	54.433.064,00 €	45.005.728,00 €
	Ingresos de capital	54.433.064,00 €	45.005.728,00 €
VIII	Variación de activos financeiros	32.318.658,00 €	29.251.325,00 €
IX	Variación de pasivos financeiros	0,00 €	1.190.023,00 €
	TOTAL	248.822.967,00 €	248.362.080,00 €

→ 6,69%

→ -17,32%

Distribución do orzamento de ingresos 2025



Participación dos principais capítulos de ingreso no conxunto do orzamento. Comparativa 2024-2025

PARTICIPACIÓN PORCENTUAL DOS INGRESOS NO CONXUNTO DO ORZAMENTO				
		2024	2025	Evolución
III	Taxas e prezos públicos	6,00 %	6,19 %	↑
IV	Transferencias correntes	59,00 %	62,97 %	↑
V	Ingresos patrimoniais	0,00 %	0,46 %	
VII	Transferencias de capital	22,00 %	18,12 %	↓
VIII	Variación de activos financeiros	13,00 %	11,78 %	↓
IX	Variación de pasivos financeiros	0,00 %	0,48 %	

Orzamentos 2025

2.2. Gastos

Orzamentos 2025

ORZAMENTO DE GASTOS 2025 (RESUMO POR CAPÍTULO)

Resumo por capítulos de gasto do orzamento 2025

Capítulo	Nome	Non afectado	Afectado	Importe
I	Gastos de persoal	131.734.909,00 €	13.947.634,00 €	145.682.543,00 €
II	Gastos correntes en bens e servizos	28.573.270,00 €	6.444.542,00 €	35.017.812,00 €
III	Gastos financeiros	390.000,00 €	0,00 €	390.000,00 €
IV	Transferencias correntes	3.003.056,00 €	5.307.706,00 €	8.310.762,00 €
V	Fondo de contingencia	1.000.000,00 €	0,00 €	1.000.000,00 €
VI	Investimentos reais	5.159.096,00 €	51.992.667,00 €	57.151.763,00 €
VIII	Activos financeiros	70.000,00 €	0,00 €	70.000,00 €
IX	Pasivos financeiros	739.200,00 €	0,00 €	739.200,00 €
		170.669.531,00 €	77.692.549,00 €	248.362.080,00 €


Orzamentos 2025

ORZAMENTO DE GASTOS 2024-2025

VARIACIÓN DOS CAPÍTULO DE GASTO 2024-2025

CAPÍTULO	Nome	2024	2025		
I	Gastos de persoal	143.696.792,38 €	145.682.543,00 €		
II	Gastos correntes en bens e servizos	32.241.723,43 €	35.017.812,00 €		
III	Gastos financeiros	390.000,00 €	390.000,00 €		
IV	Transferencias correntes	8.384.496,00 €	8.310.762,00 €		
V	Fondo de contingencia	1.000.000,00 €	1.000.000,00 €		
	Operacións correntes	185.713.011,81 €	190.401.117,00 €	→	2,52 %
VI	Investimentos reais	62.439.955,19 €	57.151.763,00 €		
	Operacións de capital	62.439.955,19 €	57.151.763,00 €	→	-8,47 %
VIII	Activos financeiros	70.000,00 €	70.000,00 €		
IX	Pasivos financeiros	600.000,00 €	739.200,00 €		
	TOTAL	248.822.967,00 €	248.362.080,00 €		


Distribución do orzamento de gasto 2025



Participación dos principais capítulos de gasto no conxunto do orzamento. Comparativa 2024-2025

VARIACIÓN DOS CAPÍTULO DE GASTO				
CAPÍTULO	NOME	2024	2025	VARIACIÓN
I	Gastos de persoal	58,00 %	58,66 %	↑
II	Gastos correntes en bens e servizos	13,00 %	14,10 %	↑
III	Gastos financeiros	0,00 %	0,16 %	
IV	Transferencias correntes	3,00 %	3,35 %	↑
V	Fondo de contingencia	1,00 %	0,40 %	
VI	Investimentos reais	25,00 %	23,01 %	↓
VIII	Activos financeiros	0,00 %	0,03 %	
IX	Pasivos financeiros	0,00 %	0,30 %	

Dotación dos programas de gasto



Variación dos programas de gasto 2024-2025

PROGRAMA	2024	2025	VARIACIÓN
111L DOTACIÓN FUNCIONAMENTO FACULTADES E ESCOLAS	3.753.385,51 €	3.883.080,00 €	3 %
121D APOIO AO ALUMNADO E Á DOCENCIA	8.450.339,76 €	9.041.988,00 €	7 %
131H INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA	55.447.642,84 €	51.770.005,00 €	-7 %
141B DOTACIÓN DE FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	2.127.400,00 €	2.273.900,00 €	7 %
211E ACTIVIDADES DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA	1.112.875,50 €	1.238.726,00 €	11 %
311V DOTACIÓN E MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO	24.064.540,76 €	23.754.052,00 €	-1 %
421S GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DA UNIVERSIDADE	153.866.782,63 €	156.400.329,00 €	2 %
TOTAL	248.822.967,00 €	248.362.080,00 €	



9.041.988,00 € EN APOIO AO ALUMNADO E Á DOCENCIA



1.186.000 € en
bolsas



260.000 € en
transporte



63.000 € en apoio
psicopedagógico




3.930.417 € en innovación
educativa, formación
permanente e programa de
maiores



3.348.896 € en promoción da
internacionalización do
estudantado e do profesorado


1.238.726,00 € ACTIVIDADES DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA



430.160 € para actividades culturais



60.000 € para o Campus CREA



437.000 € para actividades deportivas



94.000 € para captación de alumnado

51.770.005,00 € PARA INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA



3.352.216 € para o sostemento dos centros de investigación

272.691 € para departamentos



723.840 € para centros de apoio á investigación



785.000 € para produción científica

580.000 € para axudas á mobilidade dos investigadores/as




1.410.000 € para contratos predoutorais e outras axudas á investigación

9.389.070,00 € para proxectos internacionais

718.500,00 € para investigación no Campus Auga

23.754.052,00 € INFRAESTRUTURAS



10.664.004 servizos de limpeza, mantemento, vixancia, software, e outros



945.705 € en sustentabilidade



244.198 € infraestruturas tecnolóxicas



5.538.848 € Facultade de Enxeñería Aeronáutica e Aeroespacial



109.865 € mellora de accesibilidade Escola de Telecomunicacións



4.703.921 € en mantemento e dotación de edificios, laboratorios e preservación da contorna e dos espazos de convivencia

153.400.329 € GOBERNO E ADMINISTRACIÓN



143.554.009 € en gastos de persoal



2.883.219 € en subministracións



97.950 € Plan de Normalización Lingüística



3.034.070 € Gasto de funcionamento ordinario

3.883.080,00 € PARA DOTACIÓN DOS NOSOS CENTROS



**2.273.900 € PARA DOTACIÓN DE FONDOS
BIBLIOGRÁFICOS**

Universidade de Vigo



Intervén Coral de Río para dicir que NÓS Universidade non está de acordo, en coherencia co dito no día anterior no Claustro, polo que xa adianta o seu voto negativo.

Anabel González Penín intervén do seguinte xeito:

“Un ano máis véxome obrigada a votar en contra do proxecto de orzamentos polo trato desigual en política de persoal entre o PTXAS e o PDI e pola falta de compromiso coas políticas para o PTXAS. Quero que quede claro que a miña intervención non pretende un enfrontamento entre o colectivo PDI e PTXAS, simplemente quere poñer de manifesto o diferente trato.

Quero poñer o foco na propia linguaxe empregada no proxecto de orzamentos que, dende o meu punto de vista, reflicte o pensamento de quen redacta ou orienta a redacción do texto de orzamentos. Cando se fala dos compromisos profesionais para o PDI o PTXAS dise que para o ano 2025 se continuará «avanzando na aposta polas persoas» e, sen embargo, a continuación só se fala de consolidación e promoción do PDI sen mencionar ao PTXAS, quizás porque non se nos considera persoas?. Así mesmo, nas liñas de actuación, emprégase un tempo verbal imperativo cando se refire ao PDI e unha linguaxe vaga e con falta de compromiso cando se refire ao PTXAS.

Señor reitor, onte foi a primeira vez que escoitei a un membro do seu equipo de goberno dicir que calquera modificación de procedementos administrativos ou implantación de medios de xestión ten que contar necesariamente coa xente da casa, co PTXAS e que no seu regreso á xestión universitaria atopou un PTXAS moi profesionalizado, pídolle que a partir de agora este sexa a forma de actuar do seu equipo porque moitas modificacións e propostas se fixeron de espaldas ao persoal de administración e servizos porque non gustaban os pareceres que se

emitían dende as xefaturas de servizo. Vostede mesmo onte despediu o Claustro Universitario agradecendo o traballo de PTXAS, se vostede cre nas súas propias palabras, modifiquemos aquí mesmo, neste Consello de Goberno, este proxecto de orzamentos para mostrar un compromiso claro coa política de PTXAS.

Por outro lado, esperaba que a Universidade de Vigo, a pesar das negociacións que se poidan estar levando a cabo coa Xunta de Galicia para o seu cofinanciamento, se adiantase e contemplase a creación dun gabinete psicolóxico para toda a comunidade universitaria e que non se recolla é unha decepción. Creo que a Universidade de Vigo non pode ser conservadora neste punto e debería adiantarse”.

Coral del Río, como NÓS Universidade, sinala, con respecto aos presupostos presentados pola xerente, que non se trata dunhas contas sostibles. Extremadamente optimistas os gastos de persoal; os gastos non van a crecer un 1.5%, e non está en mans da Universidade de Vigo que isto sexa así. Un presuposto pouco crible, por un lado, no que non encontran os remanentes, os aforros que encontraron cando chegou o actual equipo de goberno ao gañar as eleccións. Os presupostos saen equilibrados se se comen os remanentes doutros anos, pero xa non queda nada, e non sabe que vai pasar no futuro. Cal é o remanente que temos nestes momentos, é algo que pregunta todos os anos. Non pode ser cómplice destas contas.

Jacobo Porteiro comenta que aínda que formou parte do equipo de goberno durante 6 anos, e comparte gran parte das liñas orzamentarias e estratéxicas do curso deste equipo, bota en falta certas correccións no rumbo no que se refire a desequilibrios que hai entre diferentes áreas de coñecemento e ámbitos, e os compromisos orzamentarios con certos centros de investigación, e a carencia de compromisos para outros.

Álvaro Xosé López Mira indica que vai votar en contra dos orzamentos. Nunha acta anterior, dun consello de goberno de hai dous anos, no día 21 de decembro, el preguntara polo orzamento ridículo da nova Facultade de Dirección e Xestión Pública sen seguir os criterios, comparado con outros centros, que se estableceron na propia universidade. O reitor comprometerase en cursar novos criterios de reparto, e a xerente quedara no mesmo, xa que non houbera tempo de facer unha revisión dos criterios de asignación, e que se aplicara idéntico criterio ao do ano anterior. Cumpriría sentarse a pactar novos criterios de reparto. El estivera un tempo ausente do Consello de Goberno por temas persoais, pero agora que volve ten que falar de promesas incumpridas, con carencias enormes en temas de PTXAS, é moi difícil o normal funcionamento do centro.

Jaime González, ten a seguinte intervención:

“En primeiro lugar quería suscribir o dito por Anabel no relativo ao gabinete psicopedagóxico. Quero comezar a miña intervención pedindo desculpas porque onte tiven que ausentarme durante o Claustro no momento no que Reitor ía responder ás intervencións dos membros en relación cos plans orzamentarios. Non obstante, me consta por consultas aos presentes que quizá a resposta ás premisas expostas polo representante López Escobar foi escueta por dicir algo. Deste xeito, gustaríame insistir novamente nos dous puntos que tratou de expoñer durante a súa intervención:

1. En materia de asociacionismo, o equipo de Goberno plantexa no punto 29 do seu plan orzamentario o apoio ao asociacionismo, aínda que tal e como está plantexada

actualmente a normativa da UVigo, este aspecto so está contemplado cara ao asociacionismo estudantil.

Como representante de estudantes, agradezo esta consideración e defendo que o asociacionismo estudantil é a vía para a participación do estudantado en todos os eidos da universidade, dende o aprendizaxe, con asociacións como os equipos de UVigo MotorSport e CES UVigo, a política universitaria, como son as Delegacións de Estudiantado, ata o acceso ao emprego como é o Foro Tecnolóxico.

En calquera caso, as asociacións poden ser igualmente beneficiosas para o resto da comunidade Universitaria, polo que pido que o equipo de Goberno considere crear un rexistro de asociacións único, aberto a toda a comunidade universitaria, e ca posibilidade de apoiar aquelas iniciativas que non vai facer outra cousa máis que enriquecer ao global da nosa institución independentemente do colectivo do que proveñan.

2. En materia salarial, falando agora como integrante da API-UVigo, quereda volver a incidir no acuciante que é que o equipo de Goberno. que defende unhas liñas orzamentarias para a atracción e retención do talento, trate de mellorar as condicións salariais das figuras investigadoras máis precarias nas que se sustentan moitas das investigacións que se levan a cabo na nosa Universidade.

Estes orzamentos falan nos seus obxectivos (tanto o 18 como o 25) da atracción e a retención de talento que potencie a actividade investigadora da Universidade. Non lles dou a sorpresa se lles digo que o talento se atrae con proxectos investigadores vangardista pero tamén cunhas mellores condicións laborais e salariais, por iso pido que de eiquí ata o 2026, a Universidade traccione orzamentariamente ata acadar que todos os contratos de investigadores e investigadoras predoutorais (tanto se contan con financiación interna como autonómica) acaden polo menos o 75% do salario medio sobre el grupo M3.

3. Finalmente, e remitíndome á miña intervención no Claustro de onte que lles invito a ler cando estea dispoñible o acta, gustárame ver de eiquí a futuro un maior compromiso orzamentario ca accesibilidade aos espazos no noso campus. Para tal fin, o equipo de goberno debería actuar prioritariamente sobre as marquesiñas de autobús para garantir que calquera persoa poida acudir ao noso campus en transporte público e sobre aqueles firmes irregulares tales como a Praza Miralles ou os camiños con baldosas afundidas que dificultan o paso.

Nada máis que engadir, moitas grazas”.

O reitor comenta que é certo que non se fala no texto de reequilibrio de ámbitos, pero está bastante claro que a liña que se leva de saída de prazas, como na peza fundamental que é a de axudante doutor, e estas prazas están cubrindo necesidades, intentaremos que se acorten os prazos para seguir adiante co percorrido universitario, prazas de titular e Profesorado Permanente Laboral.

Vicente Romo: pódese estar de acordo ou non co presuposto, pero de verdade non se pode pensar que teñamos problemas económicos na Universidade de Vigo. Os provedores cobran ao día, preto de aquí existen outras universidades que teñen problemas, pero NON a de Vigo. A Universidade

de Vigo está totalmente saneada. Ao seu xuízo, é un presuposto equilibrado dunha universidade moi ben saneada.

O reitor di que non se ten que poñer unha cousa enfronte da outra, está comprometido coa carreira profesional, pero estamos en medio da negociación. Agora non pode modificar o presuposto, pero se conseguimos a metade do ano un compromiso da Xunta de Galicia, así o faremos. Sobre o apoio aos centros de investigación, tivo claro o apoio a ECOBAS e CINTECX. ECOBAS era unha agrupación estratéxica, e CINTECX, pero este equipo apostou en CINTECX, apoiámos as tecnoloxías duras, fixemos un movemento estratéxico, para que CINTECX se construíra e cre que a axenda de traballo foi boa. Nomeamos a unha directora magnífica, aquí presente, e continuouse ese esforzo tamén con ECOBAS. En canto ao asociacionismo, non ten inconveniente en que se poidan incorporar ao rexistro asociacións de PTXAS e PDI. A modificación de espazos, dentro da partida vanse facer un acomodo dos espazos nos tres campus. O de Vigo vai ser o mais custoso, nas marquesiñas de autobús, feitas de xeito irracional, nos edificios quedan moitas eivas. A nova directora da Unidade de Diversidade ten unha folla de ruta, cun plan plurianual para o acceso a esas persoas que non poidan ter acceso... Os orzamentos son os servizos os que os fan, o problema de bancarrota lle sorprende ao reitor.

Coral del Río pregunta á xerente acerca de canto remanente ten a UVigo, xa que nas contas presentadas por ela aparecen 35.000 euros. A xerente responde que non ten nada que ver. Estamos a falar do orzamento, non das contas da universidade. Coral del Río responde que ve partidas de recorte, que vanse reducir nunha contía considerable, e investimentos reais, que vanse reducir un 32%. A súa obriga é preocuparse e preguntar. A xerente di que o remanente é amplo, aínda non pechou o exercicio, pero indica que pode estar tranquila.

Anabel di que a resposta foi a mesma do ano pasado, continúa a desafección, non lle deu solución de porque.

Concepción Paz responde por alusións, ela agradeceu a dirección do centro e o apoio que recibiu no centro, pero tamén di que non era igual que o apoio a outros ámbitos, fala dos centros CIGUS e di que o farían ben, pero continúa unha asimetría entre centros. Ela non asistiu onte ao Claustro, pero non se falou nada acerca de universidade politécnica, pide que haxa o mesmo criterio para todos. O reitor responde que é obvio que hai unha diferenza que espera que desapareza cando o CINTECX sexa Centro CIGUS, cos datos magníficos que temos.

Intervén Carmen Ruiz Hidalgo, soamente quere engadir con respecto as incorporacións de crédito, que a Universidade de Vigo é unha institución pública cunha función instrumental, que é a docencia e a investigación, e ten que conseguir os ingresos suficientes; ademais, unha institución eficaz ten que ter un presuposto que se execute e que non sobre, e se sobra, é un remanente, como di Coral del Río, que incorpórase o ano seguinte ao presuposto, pero non como remanente, senón a créditos novos que vanse executar ese ano. Polo tanto, en referencia ao dereito presupuestario, non entende o problema porque estamos gastando o diñeiro, é que hai que gastar o diñeiro, non o estamos facendo mal. Se o orzamento non se executa, e se aforra, non estaríamos facendo as cousas ben, xa que a universidade non ten como función aforrar, senón que ten a súa función de docencia e investigación, e de executar o orzamento, polo que lle pide a Coral del Río que lle explique o seu plantexamento porque non acaba de entender a obsesión e a preocupación dela.

Coral del Río está de acordo en que non estamos para aforrar, pero que ano tras ano pregunta como está o remanente; lle preocupa que esteamos gastando o deste ano e o de anos vindeiros. Se gastamos os aforros doutros anos, non sería sostible no tempo e teríamos problemas no futuro.

Lévase a cabo a votación:

34 Votos a favor
6 Votos en contra
5 Abstencións.

Apróbase por maioría.

5. Aprobación, se procede, da oferta de emprego público 2024.

O reitor cede a palabra á xerente, quen informa o seguinte con respecto ao profesorado: de acceso libre, 45 prazas de profesor/a titular de universidade, 51 de profesor/a permanente laboral, facendo un total de 96 prazas. Polo que se refire á promoción interna, 30 prazas de catedrático/a.

Con respecto á OPE de PTXAS, en acceso libre: 1 praza de técnico/a superior en servizos xerais, 1 de técnico/a superior de apoio á docencia e investigación, 1 de técnico/a medio en tecnoloxías da información e as comunicacións, 2 de técnico/a especialista de apoio á docencia e á investigación (e 1 praza de promoción interna).

Intervén José Fariña para preguntar se estas prazas veñen a cubrir as necesidades do ámbito das enxeñarías, xa que fáltanlles 2 persoas, que non son novas necesidades senón as de apoio informático, que teñen que cubrir con persoas externas. A xerente di que estas prazas son para o que estaba estipulado. Fariña di que necesitan un apoio directo no ámbito de informática, que quere agradecer o apoio de Planificación para poder cubrir as necesidades que teñen, pero non ve ningún movemento para cubrir de forma permanente esa necesidade que está aí, con problemas dende xuño. A xerente di que hai unha nova incorporación (5 novos funcionarios) na área de TIC que carecen de adscrición a unha área específica ou centro determinado; a dirección de ATIC é a que determina como se atenden esas necesidades, e dende logo a xerencia apoia á dirección de ATIC nese sentido porque considera os servizos informáticos estratéxicos. En canto á lista de agarda, hai que esperar ao tribunal, ata que resolva, despois haberá unha lista de agarda con persoal suficiente para poder contratar en canto aparezan necesidades concretas.

Intervén María José Ríos para dicir que tiveron unha reunión para falar de ATIC co director, pero o problema que temos é que non hai estrutura de ATIC para redistribuír o persoal e onde.

Anabel González Penín di que se abstén, entende que o 2025 vai ser importante para reestruturar servizos, pero a oferta non cubre as necesidades actuais, polo que quere que conste a súa abstención.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da modificación do calendario académico para o curso 2024/2025.

O reitor informa da seguinte modificación: o día 28, día de Santo Tomé de Aquino, cae en martes, e existía unha tradición de que cando fora así cambiárase polo luns, polo que presentamos esta modificación para que se acepte como día festivo o luns día 27, sendo lectivo o día 28, e comezando o segundo cuatrimestre nesa data, 28 de xaneiro de 2025. Por outra banda, e tendo coñecemento de que na Escola de Enxeñaría Industrial o día que teñen como festivo, o 19 de marzo, cae en mércores, e preferirían que o festivo sexa o venres 21 de marzo de 2025, faise tamén esta proposta de cambio.

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de grao curso 2023-24.

O reitor pide a aprobación, a documentación a teñen os membros do Consello de Goberno. Sempre se trae nestas datas para poder entregalos na festa de San Tomé.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo no capital social da empresa Spin Off “SERENIA”.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen fai a seguinte presentación:

Spin-off SERENIA

Software de asistentes conversacionais con capacidade de avaliación de saúde nun segundo plano.

Promovida polo investigador Francisco Javier González Castaño, Departamento de Enxeñaría Telemática, atlantTic.

Derivada do financiamento obtido na convocatoria IGNICIA-Proba de concepto 2021 da Axencia Galega de Innovación, no proxecto CELIA (388.000 €).

O fito final de IGNICIA é constituír a *spin-off* e a UVigo ten a obriga de devolverlle a GAIN o 30 % dos retornos que obteña.

Os resultados de investigación que se transferirán á futura empresa son os seguintes:

- Saber facer (*know-how*) propiedade da Universidade de Vigo, relacionado co desenvolvemento dun motor conversacional ou *chatbot* con capacidades empáticas, consistente en diversas librerías software e orientado ao entretemento e á monitorización terapéutica para persoas con capacidades limitadas de abstracción a través do acceso personalizado á información.

SERENIA é unha ferramenta orientada a darlle servizo á poboación sénior, a principal destinataria do produto, que ten como gran vantaxe competitiva a capacidade de análise, en segundo plano, de patoloxías cognitivas, ansiedade e depresión.





CELIA,
El asistente IA conversacional que acompaña y cuida a los seniors

COMPañERA en el día a día
Asistente disponible 24/7

Servicios de SALUD
Cognitiva y emocional

Combate la SOLEDAD
Proactiva, se preocupa, conecta

Constitución dunha SL e proposta de capital social

Nome e apelidos	Relación coa UVigo	% de participación
Francisco Javier González Castaño	Catedrático	25 %
Daniel Amos Rodríguez Silva	Enxeñeiro contratado	32 %
Ernest Companys Bertrán	Responsable do negocio contratado	38 %
Universidade de Vigo		5 %

Folla de ruta da empresa SERENIA



Previsión de contas de perdas e ganancias:

RESULTADOS			
Pérdidas y Ganancias	31/12/2025	31/12/2026	31/12/2027
Ventas	184.467	1.030.764	4.048.260
Comisiones	(1.382)	(45.021)	(255.347)
Variación de existencias	0	0	0
Trabajos realizados por la empresa para su activo (I+D)	0	0	0
Aprovisionamientos	(43.721)	(280.724)	(1.203.443)
Gastos de personal	(251.044)	(544.900)	(840.022)
Otros gastos de explotación	(35.500)	(56.670)	(82.808)
Amortización del inmovilizado	(333)	(400)	(400)
Imputación de subvenciones de inmovilizado no financiero y otras	12.222	7.778	0
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN	(135.290)	110.827	1.666.239
Gastos financieros	(2.000)	(8.000)	(8.000)
B) RESULTADO FINANCIERO	(2.000)	(8.000)	(8.000)
C) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS (A + B)	(137.290)	102.827	1.658.239
Impuesto sobre beneficios	20.593	(15.424)	(316.648)
D) RESULTADO DEL EJERCICIO	(116.696)	87.403	1.341.592
Gastos financieros póliza	0	0	0
Impuesto sobre beneficios	0	0	0
E) RESULTADO DEL EJERCICIO AJUSTADO	(116.696)	87.403	1.341.592

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, do “Procedemento e Criterios de Prelación para a Selección de Áreas para a Saída a Concurso de Prazas de Profesorado Permanente Laboral a Tempo Completo na Universidade De Vigo”.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen comenta que se aprobou por asentimento na COAP. Mantense as mesmas liñas, salvo nalgúñas cuestións.

Procedemento e criterios de prelación para a selección de áreas para a saída a concurso de prazas de PPL

1. A Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica elaborará e fará pública unha listaxe do PDI consolidable da Universidade de Vigo, que estea acreditado a Profesorado Contratado Doutor ou Profesorado Permanente Laboral, e que non estea incluído na listaxe de acreditados a Profesorado Titular de Universidade en vigor.

Os criterios para a ordenación desta listaxe serán os seguintes:

- Data de obtención da acreditación como Profesorado Contratado Doutor ou Permanente Laboral pola ANECA ou a ACSUG.
- En caso de igualdade no criterio anterior, antigüidade como profesorado Axudante Doutor, Beatriz Galindo ou Profesorado Distinguido.
- En caso de igualdade nos dous criterios anteriores, antigüidade na Universidade de Vigo.
- En caso de igualdade nos tres criterios anteriores, resolverase a favor da persoa de maior idade.
- No caso de igualdade nos catro criterios anteriores, a corrección da maior infra-representación de xénero dunha área de coñecemento da Universidade de Vigo entre o seu profesorado permanente.

Procedemento e criterios de prelación para a selección de áreas para a saída a concurso de prazas de PPL

2. Nesta listaxe priorizarase o Profesorado Contratado Doutor (PCD) e/ou Profesorado Permanente Laboral (PPL) interino, acreditado a Profesorado Contratado Doutor ou Profesorado Permanente Laboral, que se situará por riba das demais persoas acreditadas. Así mesmo, en cada unha das actualizacións da listaxe, as persoas acreditadas serán incluídas a continuación das persoas xa incluídas na actualización anterior. Dentro de cada bloque de persoas acreditadas o profesorado será ordenado entre si en base aos criterios do punto 1 do presente acordo.
3. A Universidade de Vigo utilizará a listaxe á que fai referencia o punto primeiro para determinar as prazas concretas a convocar na execución das correspondentes OEPs. Así, unha vez fixado o número de prazas a convocar, utilizarase a listaxe correspondente como orde de prelación para determinar as prazas concretas que se convocan. Cada unha destas prazas convocarase na mesma Área de Coñecemento, Centro e Campus aos que estea adscrita nese momento.

Procedemento e criterios de prelación para a selección de áreas para a saída a concurso de prazas de PPL

4. A listaxe de acreditados/as actualízase por parte da Vicerreitoría con competencias en materia de profesorado cando se produza algunha das seguintes situacións:
 - Unha persoa pase a ocupar interinamente unha praza de Profesorado Contratado Doutor ou Profesorado Permanente Laboral, polo que se lle aplicará o acordo do Consello de Goberno de 27 de outubro de 2021.
 - Unha persoa que ocupe unha praza de profesorado Axudante Doutor/Permanente Laboral e se atope na listaxe de profesorado acreditado a Contratado Doutor/Permanente Laboral, sen ter rematado o seu período como Axudante Doutor/a, solicite ser eliminado de dita listaxe antes da convocatoria da praza correspondente.
5. O profesorado incluído na listaxe, unha vez chegada a quenda para a saída a concurso da praza, poderá solicitar pasar ao final da listaxe.

As persoas non interinas que se incorporen en cada nova actualización da listaxe, serán incluídas ao final da mesma, ordenadas entre elas, en caso de incorporacións simultáneas, segundo os criterios definidos no punto 1. Nestas listaxes indicárase se as persoas solicitantes compren ou non os requisitos de promoción indicados na lei.

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, das modificacións na "Normativa de Dedicación e Recoñecementos Docentes".

O reitor cede a palabra á vicerreitora de profesorado e ordenación académica. Foi aprobado por UXT e CIG, para darlle unha remuda total en recoñecementos, xa que non queren en porcentaxe senón en horas.

Modificacións na Normativa de dedicación e recoñecementos docentes

Recoñecemento de actividades de goberno e representación (RAGR)		Porcentaxe
R.1. Cargos Académicos	R.1.1 Reitoría, Vicerreitoría con dedicación exclusiva	100%
	R.1.2 Vicerreitoría sen dedicación exclusiva, Secretario/a Xeral, Valedor/a Universitario/a	75%
	R.1.3 Axudante/a ao reitor/a, Delegado/a na CIUG	62,5%
	R.1.4 Decano/a e Director/a de Centros Docentes	50%
	R.1.5 Director/a de Centros CIGUS	40%
	R.1.6 Director/a de Área, Director/a de Centros de Investigación	37,5%
	R.1.7 Director/a de Instituto Universitario	25%
	R.1.8 Director/a de Departamento, Coordinador/a Xeral PUM	18,75%
	R.1.9 Vicedecano/a, Subdirector/a e Secretario/a de Centros Docentes	18,75%
	R.1.10 Secretario/a, Subdirector/a, Xefe/a de Sección de Departamentos, Secretario/a de Instituto e Centros de Investigación	12,5%
R.2. Representación da UVigo e outros	R.2.1 Colaborador/a científico/a	25%
	R.2.2 Membro da Comisión de acreditación/de avaliación (CER,CEI)	18,75%
	R.2.3 Xestor/a Programas Investigación Autonómicos	18,75%
	R.2.4 Delegado/a da UVigo en Centros Adscritos	12,5%
	R.2.5 Representante da UVigo noutras Institucións ²	9,4%
	R.2.6 Representación sindical (segundo o acordado)	
R.3. Órganos de Goberno da UVigo	R.3.1 Membro do Consello de Goberno da UVigo	3%
	R.3.2 Membro do Consello Social da UVigo	1%
	R.3.3 Membro do Claustro da UVigo	1%
	R.3.4 Membro de Consello de Campus	1%
	R.3.5 Membro de Comisións delegadas do Claustro ou Mesa	2%
	R.3.6 Membro de Comisións delegadas do Consello de Goberno	2%
R.4. Outros	R.4.1 Coordinadores de Grao e Máster Conxuntos ²	18,75%
	R.4.2 Coordinadores de Grao e Máster ²	12,50%

Modificacións na Normativa de dedicación e recoñecementos docentes

Recoñecementos por proxectos de investigación	Horas a recoñecer
Proxectos estratéxicos ou contratos/convenios de extraordinaria relevancia económica para a UVigo, independentemente do programa ou entidade financiadora, a criterio da comisión de investigación	35 h por proxecto
Proxecto H2020, HE, EDF, LIFE+ ou equivalente como coordinador do proxecto/consorcio	45 h por proxecto
Proxecto H2020, HE, EDF, LIFE+ ou equivalente como IP e líder WP	25 h por proxecto
Proxecto H2020, HE, EDF, LIFE+ ou equivalente como IP UVIGO	15 h por proxecto
Outros proxectos de investigación (e.g. INTERREG), como coordinador	12 h por proxecto
Outros proxectos de investigación (e.g. INTERREG), como IP UVIGO	10 h por proxecto
Proxectos Nacionais de Investigación de Xeración do Coñecemento ou Equivalentes, como IP do proxecto	5 h por proxecto

4 Traballos Fin de Grao e Fin de Máster que sexan defendidos e superados durante o curso anterior ao da elaboración do POD.

5 Docencia impartida en inglés no curso de elaboración do POD, en títulos de grao e mestrado onde esta lingua non sexa vehicular

6 No caso de TFGs ou TFMAs codirixidos, o valor divídese por dous

7 No caso de teses dirixidas como PDI da Universidade de Vigo e non defendidas na Universidade de Vigo, o recoñecemento divídese entre dous

8 Aplicable ao profesorado involucrado na titulación directa de estudantes con discapacidade por encargo da vicerreitoría correspondente, ao abeiro do regulamento de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo (Consello de Goberno de 24 de xullo de 2013).

Rosa Pérez pregunta que significa vicerreitor con ou sen dedicación exclusiva. A vicerreitora responde que hai 3 vicerreitores con dedicación exclusiva: profesorado, investigación e planificación; e o resto ao 75%.

José Fariña pregunta se hai dous IPS, se se divide entre eles, e a vicerreitora comenta que se van a repartir esas horas entre os dous, por proxecto e por ano de duración.

Consuelo Pérez, preguntaba polo mesmo que o profesor Fariña, polo que está resolta a dúbida.

Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, da "Normativa Reguladora dos Concursos de Acceso aos Corpos Docentes Universitarios e ás Categorías de Profesorado Permanente Laboral e Profesorado Axudante Doutor na Universidade de Vigo".

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen comenta que foi aprobada en mesa coa única abstención de Comisións Obreiras,

Miguel Cuevas comenta en modo online: "Agradécese o esforzo para facer ese compromiso de cambios".

Normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e ás categorías de PPL e AxD na UVigo

NORMA CUARTA: Convocatoria

1. A convocatoria, realizada por resolución reitoral, determinará as prazas obxecto do concurso, sinalando a categoría ou corpo e a especialidade de coñecemento á que pertencen, non podendo perfilarse máis aló desta adscrición.
2. Na convocatoria concretaranse, así mesmo, os aspectos relativos á formalización das solicitudes, os prazos e medios de presentación das mesmas, as taxas a aboar e os medios de levar a cabo a liquidación, a composición da comisión, os baremos cos méritos a avaliar, as fases do desenvolvemento do concurso, e os seus prazos de acordo coa normativa vixente.
3. No caso de prazos de profesorado **con** vinculación asistencial, a convocatoria dos concursos realizarase conxuntamente pola Universidade e pola institución sanitaria, e será asinada polo/a reitor/a da Universidade, que será a institución responsable da súa execución.

Normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e ás categorías de PPL e AxD na UVigo

Real Decreto 678/2023, de 18 de julio, por el que se regula la acreditación estatal para el acceso a los cuerpos docentes universitarios y el régimen de los concursos de acceso a plazas de dichos cuerpos.

Disposición transitoria segunda. Régimen transitorio de las áreas de conocimiento.

1. Hasta la entrada en vigor del listado de especialidades de conocimiento a las que hace referencia este real decreto, las referencias en este real decreto a las especialidades de conocimiento se entenderán realizadas a las áreas de conocimiento relacionadas en el anexo I del Real Decreto 1312/2007, de 5 de octubre.
2. Asimismo, hasta la entrada en vigor del listado de especialidades de conocimiento, las universidades podrán perfilar la descripción de la plaza en los concursos de acceso a los cuerpos docentes universitarios, así como en los concursos para el acceso a las plazas de profesorado laboral a los que hace referencia el artículo 86 de la Ley Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, de acuerdo con la normativa vigente en la fecha de entrada en vigor del presente real decreto.

A vicerreitora en atención a que hai áreas multidisciplinares, nas que pode ocorrer calquera cousa, acordaron incluír o seguinte:

Normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e ás categorías de PPL e AxD na UVigo

NORMA CUARTA: Convocatoria

1. A convocatoria, realizada por resolución reitoral, determinará as prazas obxecto do concurso, sinalando a categoría ou corpo e a especialidade de coñecemento á que pertencen, podendo incluírse no perfil da praza o termo "materias da área" ou ben incluír ata dúas materias de formación básica e/ou obrigatoria da área de coñecemento (ata a entrada en vigor da listaxe de especialidades de coñecemento ás que fai referencia o Real Decreto 678/2023 de 18 de xullo). O departamento emitirá un informe razoado da xustificación do perfil proposto, que a COAP estudará para valorar e aprobar, se procede, a pertinencia do devandito perfil.
2. Na convocatoria concretaranse, así mesmo, os aspectos relativos á formalización das solicitudes, os prazos e medios de presentación das mesmas, as taxas a aboar e os medios de levar a cabo a liquidación, a composición da comisión, os baremos cos méritos a avaliar, as fases do desenvolvemento do concurso, e os seus prazos de acordo coa normativa vixente.

Consuelo Pérez intervéñ para dicir que non ten nada en contra da aprobación, pero ten algunhas dúbidas. A primeira é que nunha praza de titular ou catedrático, nas que soamente van a ser 3 membros, non ve como se substitúe ó presidente ou ó secretario, que si estaba recollido na anterior normativa, porque había mais membros, non sabe se pode celebrarse a praza con 2 ou non. Outra dúbida é que nunha praza, se os tres membros non pertencen á Universidade de Vigo, como di a normativa que teñen que indicar o sitio, se non son da UVigo, como van facer para ese procedemento; ademais ao ser de xeito virtual, queres saber o procedemento porque créalle moita inquietude.

A vicerreitora comenta que o presidente e o secretario teñen que estar si ou si. O reitor di que se lles podería dar algunha volta; é certo que ven da mesa aprobada, pero podería mirarse o procedemento. Están de acordo a vicerreitora e Consuelo Pérez, quen recomenda que debería poder facerse de xeito presencial, para o acto de defensa, non ve que teña que ser de xeito virtual. Miguel Cuevas comenta que hai que procurar tamén que tanto cambio non produza incertidumbre.

Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Catedrático/a de Universidade, Titular de Universidade e Profesorado Permanente Laboral, e da creación de prazas correspondentes.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen presenta para a súa aprobación, a seguintes áreas de coñecemento, así como a creación das prazas correspondentes:

Selección de áreas de coñecemento para a convocatoria de prazas de CU, TU e PPL, e da creación das prazas

30 prazas
de CU

ÁREA	DEPARTAMENTO	CAMPUS
A0605	T05	Vigo
A0650	X09	Ourense
A0650	X09	Ourense
A0095	X09	Vigo
A0560	T13	Vigo
A0230	X07	Ourense
A0370	H03	Vigo
A0230	X07	Ourense
A0650	X09	Ourense
A0570	T15	Ourense
A0570	T15	Ourense
A0398	T08	Ourense
A0555	T04	Vigo
A0545	T03	Vigo
A0240	C02	Ourense
A0640	C07	Ourense
A0800	T14	Vigo
A0640	C07	Ourense
A0814	H12	Vigo
A0050	C01	Vigo
A0215	X04	Ourense
A0215	X04	Ourense
A0381	X02	Ourense
A0814	H12	Vigo
A0755	C11	Vigo
A0600	C03	Vigo
A0780	T04	Ourense
A0105	X14	Pontevedra
A0813	X01	Ourense
A0095	X09	Vigo

31 prazas
de TU

ÁREA	DEPARTAMENTO	CAMPUS
A0160	X03	Ourense
A0570	T15	Ourense
A0527	C01	Pontevedra
A0595	T16	Vigo
A0520	T07	Vigo
A0785	T11	Vigo
A0185	H09	Pontevedra
A0813	X01	Ourense
A0570	T15	Ourense
A0595	T16	Vigo
A0730	X01	Ourense
A0650	X09	Ourense
A0245	X05	Pontevedra
A0495	T03	Ourense
A0800	T14	Vigo
A0785	T11	Vigo
A0070	X11	Ourense
A0570	T15	Ourense
A0675	X10	Pontevedra
A0370	H03	Pontevedra
A0814	H12	Vigo
A0814	H12	Vigo
A0230	X07	Vigo
A0545	T03	Vigo
A0189	X05	Pontevedra
A0505	T06	Ourense
A0590	T03	Vigo
A0570	T15	Vigo
A0070	X11	Pontevedra
A0070	X11	Pontevedra
A0225	X06	Pontevedra

32 prazas
de PPL

ÁREA	DEPARTAMENTO	CAMPUS
A0135	H04	Ourense
A0065	T05	Vigo
A0413	C01	Pontevedra
A0010	H05	Ourense
A0800	T14	Vigo
A0210	X05	Ourense
A0065	T05	Vigo
A0381	X02	Vigo
A0625	X04	Ourense
A0295	T06	Vigo
A0105	X14	Pontevedra
A0015	C06	Vigo
A0650	X09	Vigo
A0814	H12	Vigo
A0105	X14	Pontevedra
A0075	X11	Pontevedra
A0595	T16	Vigo
A0680	X01	Ourense
A0170	X03	Ourense
A0545	T03	Vigo
A0205	X05	Pontevedra
A0200	C06	Ourense
A0189	X05	Ourense
A0413	C01	Pontevedra
A0175	X03	Vigo
A0200	C06	Pontevedra
A0450	H05	Pontevedra
A0590	T03	Vigo
A0413	C01	Pontevedra
A0775	X11	Pontevedra
A0570	T15	Ourense
A0075	T15	Ourense

Universidade de Vigo



Coral del Río pregunta se teñen que poñerse xa cos tribunais. A vicerreitora comenta que a prioridade son as prazas María Goyri, polo que os departamentos que teñen que poñerse son os desas prazas. O reitor comenta que non podemos perder os cartos, polo que teñen certa urxencia.

Apróbase por asentimento.

13. Aprobación, se procede, da tramitación das modificacións non substanciais das titulacións de grao e máster para a súa adaptación ao RD 822/2021.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen fai a seguinte presentación:

MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS DE GRAO 2024/2025

Informado favorablemente por asentimento da COAP o 11 de decembro de 2024

GRAO	CENTRO	INTERUNIV.	SOLICITUDE	ÁMBITO	FORMACIÓN BÁSICA VINCULADA AO ÁMBITO	MATERIAS VINCULADAS AO ÁMBITO
Grao en Publicidade e Relacións Públicas	Facultade de Comunicación	NON	Vinculación da titulación ao ámbito de coñecemento	Xornalismo, comunicación, publicidade e relacións públicas	30 ECTS	1- Comunicación: teoría e historia da comunicación 2- Teoría e práctica da comunicación publicitaria 3- Comunicación: teoría e técnica da imaxe 4- Comunicación: comunicación escrita 5- Comunicación: historia da propaganda e da publicidade
Grao en Economía	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	NON	Vinculación da titulación ao ámbito de coñecemento	Ciencias económicas, administración e dirección de empresas, contabilidade e turismo	36 ECTS	1- Economía: principios de economía 2- Economía: técnicas de economía aplicada. 3- Economía: principios de economía II 4- Economía mundial 5- Empresa: economía de empresa 6- Historia: historia económica
Grao en Enfermaria	Escola Universitaria de Enfermaria de Ourense Escola Universitaria de Enfermaria de Pontevedra Escola Universitaria de Enfermaria Meixoeiro Escola Universitaria de Enfermaria Povisa	NON	Vinculación da titulación ao ámbito de coñecemento	Enfermaria	54 ECTS	1- Anatomía humana 2- Psicoloxía 3- Bioquímica 4- Fisioloxía humana 5- Estatística 6- Introducción a enfermaría clínica 7- Farmacoloxía e dietética

Universidade de Vigo



MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS DE MESTRADO 2024/2025

Informado favorablemente por asentimento da COAP o 11 de decembro de 2024

MESTRADO	CENTRO	INTERUNIV.	SOLICITUDE	ÁMBITO
Mestrado universitario en oceanografía	Facultade de Ciencias do Mar	SI (ULPG, UVigo e UCA)	Vinculación da titulación ao ámbito de coñecemento	Ciencias da terra
Mestrado universitario en valoración, xestión e protección do patrimonio	Facultade de Historia	NON	Vinculación da titulación ao ámbito de coñecemento	Historia, arqueoloxía, xeografía, filosofía e humanidades
Mestrado en comunicación en medios sociais e creación de contidos dixitais	Facultade de Comunicación	NON	Vinculación da titulación ao ámbito de coñecemento	Xornalismo, comunicación, publicidade e relacións públicas

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

14. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de grao para o curso 2025/26.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen informa así:

Informado favorablemente por asentimento da COAP o 11 de decembro de

	Centro	PDA 2024/2025	Normas PDA 2025/2026	Dif. 2024/2025	2025/2026		Axuste
					PDA máx.	Proposta	
			Total	%			%
101	Facultade de Ciencias	5754	4.993,78	-13,2%	4.993,78	5264	-8,5%
102	Facultade de Historia	2687	3.077,03	14,5%	3.077,03	2741	2,0%
103	Facultade de Dereito	4408	5.058,46	14,8%	5.058,46	4459	1,2%
104	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	7201,3	7.200,06	0,0%	7.201,30	7269,1	0,9%
105	Facultade de Educación e Traballo Social	15307	15.112,00	-1,3%	15.307,00	15298	-0,1%
106	Escola Superior de Enxeñaría Informática	11338	13.510,75	19,2%	13.510,75	13505	19,1%
107	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	3410	3.480,58	2,1%	3.410,00	3410	0,0%
108	Facultade de Relacións Internacionais	1820	2.415,00	32,7%	2.415,00	2415	32,7%
201	Facultade de Belas Artes	8299	7.628,18	-8,1%	7.628,18	7968,5	-4,0%
202	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	13920	13.831,91	-0,6%	13.920,00	13920	0,0%
203	Escola de Enxeñaría Forestal	2876	2.877,00	0,0%	2.876,00	2885	0,3%
204	Facultade de Comunicación	9100	9.171,03	0,8%	9.100,00	9100	0,0%
205	Facultade de Fisioterapia	3631	3.638,00	0,2%	3.631,00	3638	0,2%
206	Facultade de Deseño	1662,5	2.376,53	42,9%	2.376,53	2377,5	43,0%
207	Facultade de Dirección e Xestión Pública	3979	3.979,00	0,0%	3.979,00	3979	0,0%
301	Facultade de Filoloxía e Tradución	14982	14.160,80	-5,5%	14.160,80	14200	-5,2%
302	Facultade de Bioloxía	5669	5.778,72	1,9%	5.669,00	5685	0,3%
303	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	17176	17.636,97	2,7%	17.176,00	17165,5	-0,1%
305	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	8338	8.510,11	2,1%	8.338,00	8617	3,3%
306	Facultade de Comercio	3792	3.996,19	5,4%	3.996,19	3996	5,4%
308	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	8126	7.766,13	-4,4%	8.126,00	8177	0,6%
309	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	5044,6	5.535,32	9,7%	5.535,32	5335	5,8%
310	Facultade de Ciencias do Mar	4404	4.610,00	4,7%	4.404,00	4610	4,7%
311	Facultade de Química	4324	4.360,42	0,8%	4.324,00	4436	2,6%
312	Escola de Enxeñaría Industrial	32187	32.752,80	1,8%	32.187,00	32516,5	1,0%

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

15. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de máster para o curso 2025/26.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de titulacións e innovación docente, quen refire:

Informado favorablemente por asentimento da COAP o 11 de decembro de

PDA máxima curso 2025/2026 (MESTRADO POD)			
Denominación	PDA máxima	PDA	Marxe
Mestrado universitario en intelixencia artificial	468	472	-4
Mestrado universitario en biodiversidade terrestre: caracterización, conservación e xestión	345	435	-90
Mestrado universitario en economía circular	160	172	-12
Mestrado universitario en creación artística contemporánea	289	290	-1
Mestrado universitario en química teórica e modelización computacional	Suspensión curso 2025/2026		
Mestrado universitario en nanociencia e nanotecnoloxía	Extinción		

Universidade de Vigo



Informado favorablemente por asentimento da COAP o 11 de decembro de

PDA máxima curso 2025/2026 (MESTRADO NON POD)

Denominación	PDA Máxima	PDA	Marxe
Mestrado universitario en enerxía e sustentabilidade			Suspensión curso 2025/2026
Mestrado universitario en industria 4.0			Extinción

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

16. Aprobación, se procede, do límite de prazas de titulacións de grao para o curso 2025/26.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, coa seguinte presentación:

OFERTA DE PRAZAS DE GRAOS 2025/2026

Informado favorablemente por asentimento da COAP o 11 de decembro de

TITULACIÓN DE GRADO (por orden alfabético y en castellano)	CENTRO	OFERTADAS CURSO 2024/2025	OFERTADAS CURSO 2025/2026	VARIACIÓN RESPECTO DA OFERTA CURSO 2024/2025	OBSERVACIÓNES UVigo
Ciencia y Tecnología de los Alimentos	Facultade de Ciencias	45	42	-3	Oferta 3 prazas PCEO
Ciencias Ambientales	Facultade de Ciencias	45	42	-3	Oferta 3 prazas PCEO
Ingeniería Agraria	Facultade de Ciencias	45	39	-6	Oferta 6 prazas PCEO
Ingeniería Electrónica Industrial y Automática	Escola de Enxeñaría Industrial	70	66	-4	
Ingeniería en Organización Industrial	Escola de Enxeñaría Industrial	64	61	-3	
Ingeniería Informática	Escola Superior de Enxeñaría Informática	142	137	-5	Incorpórase o PCEO Enxeñaría Informática + Intelixencia Artificial
Ingeniería Mecánica	Escola de Enxeñaría Industrial	110	105	-5	
Ingeniería Mecánica	Centro Universitario da Defensa (Marín)	84		-84	Pendente da publicación BOE
Inteligencia Artificial	Escola Superior de Enxeñaría Informática	50	45	-5	Incorpórase o PCEO Enxeñaría Informática + Intelixencia Artificial
PCEO Ingeniería Informática e Inteligencia Artificial	Escola Superior de Enxeñaría Informática		10	10	Pendente da autorización SXU
PCEO Ingeniería Agraria y Ciencias Ambientales	Facultade de Ciencias		6	6	Pendente da aprobación CG e da autorización SXU
PCEO Ingeniería Agraria y Ciencia y Tecnología de los Alimentos	Facultade de Ciencias		6	6	Pendente da aprobación CG e da autorización SXU
Relaciones Laborales y Recursos Humanos	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	65	70	5	

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

17. Aprobación, se procede, do límite de prazas de titulacións de máster para o curso 2025/26.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de titulacións e innovación docente, coa seguinte información:

OFERTA DE PRAZAS DE MESTRADO 2025/2026 Informado favorablemente por asentimento da COAP o 11 de decembro de

TITULACIÓN DE MÁSTER (por orden alfabético y en castellano)	CENTRO	OFERTADAS CURSO 2024/2025	OFERTADAS CURSO 2025/2026	VARIACIÓN RESPECTO DA OFERTA CURSO 2024/2025	OBSERVACIÓN UVigo
Ciencia del Ejercicio, Preparación Física y Readaptación Deportiva	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte		12	12	Pendente da acreditación
Creación Artística Contemporánea	Facultade de Belas Artes		25	25	Pendente da acreditación
Dirección e Innovación de la Cadena de Suministro	Escola de Enxeñaría Industrial	30	33	3	
Dirección TIC para la Defensa	Centro Universitario da Defensa (Marín)	30			PENDENTE DA APROBACIÓN BOE
Economía Circular	Facultade de CC Empresariais e Turismo		10	10	
Energía y Sostenibilidad	Escola de Enxeñaría Industrial	30	0	-30	Suspensión curso 2025/2026
Enseñanza del Español como Lengua Extranjera o Segunda Lengua	Facultade de Filoloxía e Tradución		8	8	
Industria 4.0	Escola de Enxeñaría Industrial	15	0	-15	EXTINCIÓN
Ingeniería Aeronáutica	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	20	25	5	
Literatura Dramática, Música y Artes Escénicas	Facultade de Filoloxía e Tradución		25	25	Pendente da acreditación
Prevención y Abordaje Multidisciplinar de las Drogodependencias y Conductas Adictivas	Facultade de Educación e Traballo Social		10	10	Pendente da acreditación
Realidad Extendida	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación		10	10	Pendente da acreditación

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

18. Aprobación, se procede, da prórroga do III Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo (2020-2024).

O reitor explica os motivos da prórroga, tiñamos que ter feito un IV Plan de Igualdade, pero como hai moita mudanza de normativa, solicita a prórroga dun ano para poder facer como o resto de universidades españolas que están a realizar un traballo intenso para conseguir un novo Plan de Igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento.

19. Aprobación, se procede, do Regulamento polo que se establece e regula a canle interna de información da Universidade de Vigo.

O reitor indica que é unha obriga legal, agora xa temos por fin unha canle interna de información coa súa propia web e preservando o anonimato das persoas da comunidade universitaria que participen no mesmo, como ferramenta de axuda na Universidade de Vigo na prevención do fraude e ilícitos na Universidade, ou comportamentos pouco éticos, entre outros.

Apróbase por asentimento.

20. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Educación e Traballo Social.

A secretaria xeral indica que cumpriron con todos os trámites, e ten informe favorable da Asesoría Xurídica.

Apróbase por asentimento.

21. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Fisioterapia.

A secretaria xeral indica que cumpriron con todos os trámites, e ten informe favorable da Asesoría Xurídica.

Apróbase por asentimento.

22. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento dun membro da Comisión de Relacións Internacionais, sector estudantes.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Internacionalización, quen comenta que debe renovarse cada 2 anos, polo que incorpórase a Beatriz Longa Alonso, única candidata.

Apróbase por asentimento.

23. Elección dun representante, polo sector estudantes, na comisión de Extensión Universitaria e Estudantes delegada do Consello de Goberno.

O reitor indica que se presentou a candidatura de Sandra María Martínez Gómez, da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, polo que non é necesario facer eleccións e queda elixida.

Apróbase por asentimento.

24. Quenda de intervencións.

Coral del Río fai unha pregunta sobre unha tese que era un plaxio. Sobra dicir o coste reputacional sobre a institución, pero iso pode pasar; o tempo que pasou ata que se resolveu parécelle preocupante, porque non se resolveu antes?.

O reitor responde que procedemos como corresponde e que, nun proceso tan garantista como é o de desposuír a unha persoa da súa tese doutoral, fomos quen de levalo adiante, cun proceso interno bastante laborioso e bastante tedioso con distintos informes de diferentes profesionais, e cando vimos as evidencias que permitían pensar nun fraude fixemos as consultas ao Consello Consultivo. E, aínda que o procedemento tardou e fallaron moitos controis, a xustiza ao final chegou. Podemos estar orgullosos de ter tomada a decisión correcta.

Miguel Cuevas comenta o tema de dereito financeiro e tributario, e as medidas cautelarísimas de M^a Cruz Barreiro Carril, e a cuestión da obriga moral. Na súa opinión, lega en cuestións de dereito, o auto do xuíz non leva a negar a competencia do Consello de Departamento. O que sinala é que quizais a COAP tería que ter revisado este informe e incluso o Consello de Goberno. A obriga moral é que un Consello de Departamento non pode facer calquera cousa, hai que ter uns criterios para que os Consellos de Departamento traballen cuns criterios determinados. Comenta tamén que a Xunta de Galicia bonificou a matrícula das persoas que se matriculan na Universidade, e a Acción Social bonifica a matrícula dos fillos do persoal da Universidade de Vigo, pero esta bonificación de acción social compútase como ingreso polo que ten un gravame no IRPF, polo que solicita se é posible solventar esta situación para que non existan diferenzas na elección entre distintas vías. O reitor comenta que xa se comunicou á Xunta esta anomalía. Por último quere oír o pronunciamento do reitor con respecto á titulación de dereito na Universidade de ABANCA.

O reitor di que lle parece un erro incluír a titulación de dereito na Universidade de ABANCA, e se ten oportunidade no Consello Galego de Universidades intervirá nese sentido.

Carmen Ruiz intervén sobre o tema de dereito financeiro e tributario, dando as grazas aos membros do Consello de Goberno por poder intervir dicindo que hai moito ruído, enxordecedor, e que é un tema xurídico. Fíxose mención a un auto, que sorprendentemente non leva unha demanda adxunta. O que pediu M^a Cruz Barreiro foron medidas cautelarísimas, pero o xuíz non puido entrar a valorar o fondo do asunto. Repite que non hai demanda, senón que o xuíz non comproba que hai un criterio que sustenta ese auto, fixando a atención non na aparencia de bo dereito, senón no *periculum in mora*. O xuíz, con todos os respectos ao auto, ven a dicir que os departamentos non teñen facultade para emitir ningún tipo de informe (non debeu ler os Estatutos da Universidade de Vigo), e ademais di que ten que haber un convenio entre a Universidade de orixe e o Centro de destino ao que irá cunha excedencia a profesora Barreiro Barril, e que excede as competencias do departamento determinar que efectivamente se cumpren con eses requisitos. Non é unha sentenza, é un auto que se ha excedido, non porque o diga Carmen, senón porque o di a lei da Ciencia, no seu artigo 17, que ten uns requisitos, que di que ten que haber un informe preceptivo positivo e debidamente motivado. De non facelo así incorrería a Universidade en discrecionalidade, e non é o que pode facer o Consello de Goberno. Os Estatutos da Universidade de Vigo conteñen no seu articulado as competencias dos departamentos, que son os que coordinan as ensinanzas e apoian a actividade e a iniciativa docente e investigadora, e os departamentos son os que teñen que conseguir o profesorado suficiente e necesario. O xuíz, ademais, esqueceu unha cousa relevante, é que non estamos ante un centro de investigación. A Universidade de Vigo é docente e investigadora, e temos unha responsabilidade coa sociedade xa que se financia con impostos de todo o mundo. E temos a obriga de impartir ademais a mellor calidade docente, cunha responsabilidade social moi forte. Polo tanto, o Departamento é o que mellor coñece as necesidades de servizo, e ademais, nunha universidade democrática, ten no Departamento a representación de Profesores, PTXAS e estudantes que son os que deciden en Consello de Departamento como vaise repartir a docencia, da mellor forma posible. E, ademais, o xuíz esquece que hai unha lei, a 39/2015, que nos artigos 79-80 determínase como se teñen que facer os informes. E os informes non os pode emitir o mesmo órgano que resolve. Por eficiencia e por eficacia os informes os ten que emitir neste caso o órgano que coñece do servizo, porque o Departamento non resolve, quen o fai é o Consello de Goberno en base ao informe emitido polo Departamento, debidamente motivado. Ese informe que o xuíz pon en dúbida, dicindo que hai 8 profesores, é incerto. A verdade é que son soamente 4 profesores no Campus de Vigo, teñen 285 horas sen cubrir, xa solicitaron unha lista de agarda, pero non saben se vai presentarse xente suficiente para cubrir as horas. Non sabe como van a poder facer para cubrir toda a docencia. Non hai dereitos

absolutos, xa que afectan ao interese lexítimo dos demais. Tamén di que no auto faise mención das estancias realizadas por varios membros da área de dereito financeiro e tributario, nun centro de investigación e non é certo, é un centro de documentación. E o convenio ten unha importancia considerable, porque se ten que protexer o retorno e os dereitos e propiedade intelectual do equipo de investigación na universidade de orixe, non no centro de destino. E ese convenio non está, espera que estea dentro dun tempo. Finaliza dicindo que queda a disposición ante calquera dúbida ou cuestión ao respecto deste procedemento xurídico. Hai sentenzas dos tribunais de xustiza neste sentido. Agradece tamén que a Universidade recorra este tema, independentemente de que cre que o tribunal superior vai obrigar a que se entre no fondo do asunto, porque senón estaríamos ante un prexuízo para ambas partes, e terá que sustanciarse ante o ámbito contencioso.

Miguel Cuevas volve a intervir para responder a Carmen Ruiz. Non sabe se non se explicou ben. A súa finalidade non é apoiarse no auto; tivemos un informe do departamento, temos un auto, que non se atrevería en poñer en tela de xuízo, e a súa intervención foi para saber cal vai ser a política da universidade con respecto as solicitudes de excedencia, que cre que é o fundamental.

Susana Álvarez, comenta a través do chat, que desiste da súa intervención, que se remite ao sinalado no comunicado das Facultades de Dereito Público do SUG. Seguirán actuando de forma conxunta e esperan unha resposta política efectiva por todas as reitorías e dos actores implicados. Agradece a Miguel Cuevas a pregunta e a súa intervención. Despois, sen embargo, intervén para presentar un comunicado das catro facultades de dereito públicas do SUG, publicado, coa súa preocupación, en contra dos informes encargados pola propia Xunta de Galicia, tamén en contra do sinalado pola lei do SUG, en particular no artigo 8, e no artigo 13, que contravén o compromiso da propia Universidade privada cando se implanta, de non ofertar titulacións duplicadas, e por outra banda, dicir tamén que de forma habitual, antes da súa implantación, esta universidades está a realizar unha publicidade directa dun grado en dereito que non está verificado, ademais do suposto plan de estudos que están a elaborar. Engade que lle negaron o acceso ao plan. Van solicitar o apoio en contra doutros axentes sociais, traballarán as 4 facultades de forma coordinada con respecto a este asunto e pide o apoio neste tema.

O reitor di que está en sintonía plena, aínda que a universidade privada non está na situación de excelencia que está a pública, aínda que está de acordo en que non debería de implantarse unha nova facultade de dereito na Privada. Os reitores comprometéronse en buscar que haxa un procedemento no cal se poida seguir a implantación e seguimento de titulacións.

Consuelo Pérez, traslada un rogo ao vicerreitor de Planificación: no laboratorio de alumnos do seu departamento, cando chove entra auga por varios sitios. O problema xa ven dos derradeiros anos (non son goteiras nalgúns puntos son chorros de auga). A Unidade Técnica xa ten coñecemento destas “goteiras”. O reitor indica que o trasladará.

Anabel González Penín, acaba de ver publicado un acordo para a provisión por comisión de servizos, é o mesmo que xa se retirara no anterior Consello de Goberno. A xerente comenta que a Asesoría Xurídica dixo que non o tiña que traer ao CG, foi un exceso de formalidade. A aclaración ten que ver coa esixencia duns requisitos xerais, que non se entendían ben. O único que se fixo foi unha aclaración.



O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:38 h. do día 20 de decembro de 2024, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral